


O menú "Albums"

O concepto de álbum en Coppermine é similar ao dun álbum de fotos tradicional: álbum da 1ª comunión, álbum dun bautizo...

O concepto de categoría permite agrupar de forma ordenada álbums con temáticas semellantes: fotos persoais, fotos de traballo... (serían como estanterías nas que almacenamos unha serie de álbums agrupados segundo os nosos criterios).

Para crear un álbum haberá que seleccionar primeiro a categoría á que vai pertencer. A continuación, premer en "Novo" e especificar o nome desexado para o álbum. Finalmente premer en "Aplicar modificacións" para gardar os cambios.




Unha vez creados os álbums desexados xa estamos en disposición de engadir as imaxes /videos á nosa galería. Para iso hai que facer [click](#) no enlace "Engadir foto". Faise constar que nesta versión de Coppermine hai que [subir](#) necesariamente os arquivos de un en un ao [servidor](#)). Despregarase a seguinte pantalla:



Observar que aparecen 5 caixas de texto para o envío de arquivos e 3 para o envío de URI/URL. (¿Por que? Porque así o definimos no [menú Grupos...](#))

Unha vez seleccionadas as imaxes e despois de premer en continuar aparecerán as imaxes individualmente para que poidamos poñerlle un título, unha descrición e especificar o álbum do que van a formar parte. Ademais, permite especificar unha serie de palabras chave que servirán para que os usuarios as poidan localizar dun xeito máis doado.



Finalmente aparecerá a pantalla de inicio co álbum creado, as fotos que contén e a posibilidade de editalas ou borrarlas



